

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL

RESOLUCIÓN do 1 de xullo de 2024, conxunta da Consellería Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e da Axencia Galega de Innovación, pola que se adxudican as axudas da Orde do 27 de decembro de 2023, conxunta da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e da Consellería de Economía, Industria e Innovación, que estableceu as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas de apoio á etapa predoutoral nas universidades do SUG, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema galego de I+D+i, cofinanciadas parcialmente no ámbito das universidades do SUG pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027, e procedeu á súa convocatoria para o exercicio 2024 (códigos de procedemento ED481A e IN606A).

A Orde do 27 de decembro de 2023 (DOG núm. 35, do 19 de febreiro de 2024), conxunta da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e da Consellería de Economía, Industria e Innovación, estableceu as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas de apoio á etapa predoutoral nas universidades do SUG, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema galego de I+D+i, cofinanciadas parcialmente no ámbito das universidades do SUG pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027, e procedeu á súa convocatoria para o exercicio 2024.

O obxecto do programa de apoio á etapa predoutoral é outorgar axudas ás universidades do SUG (cofinanciadas parcialmente polo FSE+), aos organismos públicos de investigación de Galicia, ás fundacións de investigación sanitaria de Galicia (Fundación Pública Galega Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela, Fundación Pública Galega de Investigación Biomédica INIBIC, Fundación Pública Galega de Investigación Biomédica Galicia Sur) e aos centros do CSIC (Consello Superior de Investigacións Científicas) radicados en Galicia que contraten persoas tituladas superiores para a súa formación como doutoras e doutores nos seus centros (códigos de procedemento ED481A, para as universidades do SUG, e IN606A, para as demais entidades).

As axudas ás universidades do SUG estarán cofinanciadas parcialmente nunha porcentaxe do 60 % pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027, dentro



do obxectivo político 4: unha Europa máis social e inclusiva, por medio da aplicación do pilar europeo de dereitos sociais; prioridade 3: educación e formación; obxectivo específico ESO4.6: promover a igualdade de acceso a unha educación e unha formación de calidade e inclusivas e a súa culminación, en particular para os colectivos desfavorecidos, desde a educación infantil, pasando pola educación e a formación xerais e profesionais, ata a educación superior, así como a educación e a aprendizaxe dos adultos; así mesmo, facilitar a mobilidade educativa para todos e a accesibilidade das persoas con discapacidade, e medida 3.F.01: axudas á formación predoutoral.

Este programa procura a formación de persoas investigadoras para a obtención do título de doutora ou doutor e a adquisición das competencias e habilidades relacionadas coa investigación dentro dun programa de doutoramento. Ademais, fináncianse estadias no estranxeiro de tres meses de duración, co obxecto de que poidan acadar a mención de doutora ou doutor internacional.

No artigo 2.1 da orde de convocatoria determínase quen pode ser beneficiario e, no artigo 2.4 os requisitos que deben cumprir as persoas candidatas a estas axudas.

De acordo co establecido no artigo 9 da convocatoria, unha vez analizadas as solicitudes publicáronse as listas provisionais de solicitudes admitidas e excluídas e as entidades solicitantes tiveron un prazo de dez días hábiles para formularen reclamacións para emendar erros e falta de documentos das persoas interesadas ante a Secretaría Xeral de Universidades ou ante a Axencia Galega de Innovación, segundo a entidade solicitante. Unha vez que se recibiu e se examinou esta documentación, o 2 de maio de 2024 publicouse a lista definitiva de solicitudes admitidas excluídas.

As solicitudes admitidas foron valoradas seguindo os criterios de valoración do artigo 10. A valoración da adecuación do proxecto de investigación á Estratexia de especialización intelixente de Galicia 2021-2027 (RIS3) foi realizada por un grupo de traballo designado polo Grupo Técnico da Comisión Interdepartamental de I+D+i.

O resultado desta avaliación entregóuselle á Comisión de Selección definida no artigo 11 da orde de convocatoria, que elaborou un informe para os órganos instrutores en que figuran as entidades beneficiarias, xunto coa prelación das persoas candidatas a seren destinatarias das axudas, e as listas de espera para posibles substitucións.

A competencia para resolver estas axudas correspóndelle conxuntamente á persoa titular da Secretaría Xeral de Universidades da Consellería, por delegación da persoa titular



da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, e á persoa titular da Dirección da Axencia Galega de Innovación, por delegación da persoa titular da Presidencia da Axencia Galega de Innovación, de acordo co artigo 12 da convocatoria.

O Decreto 42/2024, do 14 abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no seu artigo 1, establece que a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades pasa a denominarse Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional. O Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, no seu artigo 3, adscribe a Axencia Galega de Innovación á Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

En consecuencia, de acordo co establecido no artigo 12 das bases da convocatoria e atendendo á proposta de concesión elevada polos órganos instrutores a partir do informe da Comisión de Selección, reunida o día 3 de xuño de 2024, a través da Secretaría Xeral de Universidades e da Axencia Galega de Innovación,

RESOLVEMOS:

Primeiro. Conceder as axudas de apoio á etapa predoutoral convocadas pola Orde do 27 de decembro de 2024 ás entidades que contraten as persoas seleccionadas que se relacionan no anexo I desta resolución, no que se reflicte tamén a zona de estadía concedida para as persoas que a solicitaron.

No ámbito das universidades do SUG concédense un mínimo de 12 axudas por cada rama de coñecemento, de acordo co indicado no artigo 4.2 da convocatoria.

Segundo. Establecer dúas listas de espera (unha para cada órgano instrutor), que se inclúen como anexo II, para determinar posibles substitucións, segundo os criterios establecidos no artigo 11. Nesta lista figuran por orde decrecente de puntuación as solicitudes que non acadaron a puntuación suficiente para seren adjudicatarias da axuda pero que teñen unha puntuación igual ou superior á mínima establecida pola Comisión de Selección.

Terceiro. Todas as solicitudes que figuran nos anexos I e II desta resolución cumpren os requisitos establecidos nas bases da convocatoria. Así mesmo, as solicitudes que non figuran relacionadas nos citados anexos entenderanse denegadas ou desestimadas.



Cuarto. A data de comezo dos contratos será o día 16 de xullo de 2024, agás para as persoas non comunitarias que poderán asinar o contrato ata o 1 de outubro de 2024. Os contratos regulados na Orde do 27 de decembro de 2023 serán interpretados e regulados consonte o establecido no artigo 21 da Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación, e as súas modificacións.

Quinto. As axudas concedidas financiaranse con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024 e anos sucesivos, de acordo coa seguinte distribución segundo a estrutura de pagamento recollida no artigo 23 das bases da convocatoria.

Universidades do SUG: 90 axudas.

Aplic. orzamentaria (cod. proxecto)	Universidade	Nº de axudas	Crédito (en euros)					Total
			2024	2025	2026	2027	2028	
37.02.561B.444.0 (2016 00129)	UDC	9	19.755,00	29.664,00	62.914,00	10.539,00	30.600,00	153.472,00
	USC	61	133.895,00	201.056,00	455.306,00	71.431,00	207.400,00	1.069.088,00
	UVigo	20	43.900,00	65.920,00	146.920,00	23.420,00	68.000,00	348.160,00
	Total FP		197.550,00	296.640,00	665.140,00	105.390,00	306.000,00	1.570.720,00
37.02.561B.444.0 (2023 00074)	UDC	9	41.445,00	198.936,00	202.086,00	225.711,00	213.750,00	881.928,00
	USC	61	280.905,00	1.348.344,00	1.369.694,00	1.529.819,00	1.448.750,00	5.977.512,00
	UVigo	20	92.100,00	442.080,00	449.080,00	501.580,00	475.000,00	1.959.840,00
	Total FSE		414.450,00	1.989.360,00	2.020.860,00	2.257.110,00	2.137.500,00	8.819.280,00
Total SUG		90	612.000,00	2.286.000,00	2.686.000,00	2.362.500,00	2.443.500,00	10.390.000,00

O importe das axudas das universidades do SUG imputarase ao Plan galego de financiamento universitario para o período 2022-2026 nas anualidades de 2024, 2025 e 2026. As anualidades 2027 e 2028 imputaranse ao novo plan de financiamento universitario. As axudas ás universidades do SUG están cofinanciadas polo Programa FSE+ Galicia 2021-2027.

Demais entidades: 12 axudas.

Aplicación orzamentaria	Acrónimo entidade	Nº de axudas	Crédito (en euros)					Total
			2024	2025	2026	2027	2028	
09.A2.561A.403.0	IIM-CSIC	3	20.400,00	76.200,00	91.000,00	78.750,00	81.450,00	347.800,00
09.A2.561A.443.29	FBGS	2	13.600,00	50.800,00	58.000,00	52.500,00	54.300,00	229.200,00
09.A2.561A.443.28	FIDIS	4	27.200,00	101.600,00	122.000,00	105.000,00	108.600,00	464.400,00
09.A2.561A.443.25	INIBIC	3	20.400,00	76.200,00	93.000,00	78.750,00	81.450,00	349.800,00
Total		12	81.600,00	304.800,00	364.000,00	315.000,00	325.800,00	1.391.200,00



A relación de acrónimos das entidades solicitantes citados na táboa anterior é a seguinte:

Acrónimo da entidade	Denominación completa	NIF
IIM-CSIC	Instituto de Investigacións Mariñas do CSIC	Q2818002D
FBGS	Fundación Pública Galega de Investigación Biomédica Galicia Sur	G36911972
FIDIS	Fundación Pública Galega Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela	G15796683
INIBIC	Fundación Pública Galega de Investigación Biomédica INIBIC	G15335219

Sexto. As entidades beneficiarias deberán enviar un escrito de aceptación da axuda á Secretaría Xeral de Universidades, no caso das universidades do SUG, ou á Axencia Galega de Innovación, no caso das demais entidades indicadas no artigo 2 da convocatoria, no prazo de dez días hábiles contados a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución e vincularán as persoas seleccionadas aos seus organismos mediante a formalización do correspondente contrato.

Sétimo. O artigo 16 da orde de convocatoria establece que as entidades beneficiarias e contratantes das persoas seleccionadas serán as encargadas de presentar as xustificacións correspondentes adecuadas á normativa comunitaria e nacional de aplicación e serán as receptoras dos fondos para o pagamento dos contratos.

Segundo o establecido no artigo 45.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen que se presentase esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá o beneficiario para que, no prazo improrrogable de dez días, a presente. A falta de presentación da xustificación comportará a perda do dereito ao cobramento parcial ou total da subvención, a exixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia.

Oitavo. No ámbito das universidades do SUG, o importe dos contratos das persoas seleccionadas, incluídos os seus custos sociais, estará cofinanciado parcialmente con fondos do Programa FSE+ Galicia 2021-2027, aprobado pola Comisión Europea o 9 de decembro de 2022 e responde aos obxectivos previstos nel: obxectivo político 4: unha Europa máis social e inclusiva, por medio da aplicación do alicerce europeo de dereitos sociais, prioridade 3: educación e formación ESO4.6. Promover a igualdade de acceso a unha educación e unha formación de calidade e inclusivas e a súa culminación, en particular para os colectivos desfavorecidos, desde a educación infantil, pasando pola educación e a formación xerais e profesionais, ata a educación superior, así como a educación e a aprendizaxe



dos adultos; así mesmo, facilitar a mobilidade educativa para todos e a accesibilidade das persoas con discapacidade.

O cofinanciamento realizarase segundo o sistema de custos simplificados que incorpora a operación conforme o Regulamento (UE) nº 2021/1060, do 24 de xuño de 2021, polo que se establecen as disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo Plus, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo de Transición Xusta e ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura. O método establecido é un custo unitario anual, de acordo con o artigo 53.1.b) do Regulamento (UE) nº 2021/1060.

As universidades do SUG beneficiarias teñen as seguintes obrigacións:

1. Están obrigadas ao cumprimento da normativa comunitaria aplicable a este fondo, en particular: o Regulamento (UE) nº 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, polo que se establecen as disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo Plus, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo de Transición Xusta e ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, así como as normas financeiras para os devanditos fondos e para o Fondo de Asilo, Migración e Integración, o Fondo de Seguridade Interior e o Instrumento de apoio financeiro á xestión de fronteiras e a política de visados, e o Regulamento (UE) nº 2021/1057 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, polo que se establece o Fondo Social Europeo Plus (FSE+) e polo que se deroga o Regulamento (UE) nº 1296/2013.

2. Require a observancia das normas de subvencionabilidade nacionais que estableza o ministerio con competencias en materia de traballo e seguridade social, mediante as que se determinen os gastos subvencionables polo Fondo Social Europeo Plus durante o período de programación 2021-2027.

3. Comporta a obrigación de asegurarse de que os gastos declarados son conformes coas normas aplicables, se é o caso, e que non existe dobre financiamento do gasto con outros réximes comunitarios ou nacionais, así como con outros períodos de programación.

4. Require da concreción do adecuado rexistro dos datos de seguimento e avaliación da actuación, tanto para a acreditación da realidade da actuación, como para recoller datos completos de participantes e entidades beneficiadas polas operacións, para dar cumprimento aos requisitos de subministración de información a través dos indicadores de realización e de resultados a que fai referencia o artigo 17 do Regulamento (UE) nº 2021/1057, do 24 de xuño de 2021, relativo ao Fondo Social Europeo Plus (FSE+), e que se especifi-



can no anexo I do devandito regulamento. Garantirase que se dispoñerá dos datos individualizados de cada un dos destinatarios últimos das actuacións que permitan o cálculo dos devanditos indicadores.

5. Implica o cumprimento das exixencias de visibilidade, transparencia e comunicación reguladas no capítulo III do título IV do Regulamento (UE) nº 2021/1060 e dos demais requisitos establecidos para o efecto pola estratexia de comunicación do organismo intermedio. En concreto, deberá prestar especial atención ás obrigacións recollidas no artigo 50 do devandito regulamento e ter en conta as características técnicas detalladas no seu anexo IX e no documento O uso do emblema europeo no contexto dos programas da UE 2021-2027 .

6. Comporta a súa inclusión na lista de operacións regulada no artigo 49.3 do Regulamento (UE) nº 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021.

7. Obriga a manter rexistros contables independentes ou empregar códigos de contabilidade apropiados para todas as transaccións relacionadas coas operacións, sen prexuízo das normas xerais de contabilidade, que permita seguir unha pista de auditoría suficiente sobre os gastos financiados con fondos do Programa FSE+ Galicia 2021-2027.

8. Require acreditar ante a autoridade de xestión ou, se é o caso, o organismo intermedio, a realización da actividade e facilitar toda a información requirida polos órganos verificadores que se establezan en aplicación dos artigos 74 e 81 do Regulamento (UE) nº 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, que incluírán as correspondentes visitas sobre o terreo.

9. Comporta, así mesmo, someterse ás actuacións de control, comprobación e inspección que efectúen os organismos implicados na xestión ou seguimento do Programa FSE+ Galicia 2021-2027, as de control financeiro que correspondan, se é o caso, á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, as previstas na lexislación do Tribunal de Contas e outros órganos de control da Administración do Estado ou da Unión Europea, impostos pola normativa comunitaria no exercicio das súas funcións de fiscalización e control, achegando para iso tanta información lles sexa requirida.

10. Conforme o artigo 82 do Regulamento (UE) nº 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, comporta conservar no nivel adecuado todos os documentos xustificativos relacionados coa operación que reciban axuda do FSE+ durante un prazo de cinco anos a partir do 31 de decembro do ano en que a autoridade de xestión



ou, se é o caso, o organismo intermedio do Programa FSE+ Galicia 2021-2027 efectúe o último pagamento ao beneficiario.

11. Comporta a obrigaón por parte do órgano xestor, se é o caso, de comprobar que se mantén o cumprimento dos requisitos establecidos na convocatoria.

12. Comporta establecer as condicións detalladas para o intercambio electrónico de datos, de ser o caso (artigo 10.1 do Regulamento de execución (UE) nº 1011/2014 da Comisión, do 22 de setembro), co fin de cumprir co establecido no artigo 69.8 do Regulamento (UE) nº 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello do 24 de xuño de 2021.

13. Comporta cubrir as listas de comprobación correspondentes, que servirán de base para as verificacións que leve a cabo o organismo intermedio.

14. Exixe aplicar as medidas de análises do risco e prevención da fraude, que correspondan en función da operación executada, empregando para iso, entre outras, as ferramentas que lles sexan facilitadas polo organismo intermedio.

15. Implica colaborar co organismo intermedio na revisión anual que se realice do Programa FSE+ Galicia 2021-2027, de acordo con os artigos 41 e 42 do Regulamento (UE) nº 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021.

16. Comporta, no caso de que a actuación fose seleccionada como unha operación de importancia estratéxica para o Programa FSE+ Galicia 2021-2027 en relación co artigo 2 (5) do Regulamento (UE) nº 2021/1060, ou que o seu custo total sexa superior a 10.000.000 euros, velar polo cumprimento dos requisitos exixidos para a súa implementación, en especial levar a cabo aquelas actividades de comunicación exixidas no artigo 50.1.e) do mencionado regulamento.

17. Implica contribuír, de ser o caso, ao obxectivo de promover o desenvolvemento sustentable establecido no artigo 9.4 do Regulamento (UE) nº 2021/1060, en consonancia cos obxectivos de desenvolvemento sustentable das Nacións Unidas, o Acordo de París e o principio de non causar un prexuízo significativo.

Noveno. Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, no caso de solicitudes pertencentes ao SUG, e ante a persoa titular da presidencia da Axencia Galega de Inno-



vacación nos restantes casos, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade cos artigos 19 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 1 de xullo de 2024

O conselleiro de Educación, Ciencia,
Universidades e Formación Profesional
P.D. (Artigo 12 da Orde do 27.12.2023)
José Alberto Díez de Castro
Secretario xeral de Universidades

O conselleiro de Educación, Ciencia,
Universidades e Formación Profesional e
presidente da Axencia Galega de Innovación
P.D. (Artigo 12 da Orde 27.12.2023)
Carmen Cotelo Queijo
Directora da Axencia Galega de Innovación

ANEXO I

Axudas concedidas

Universidade da Coruña.

Nº de expediente	1º apelido	2º apelido	Nome	Zona	Área de coñecemento	Puntuación final
ED481A-2024-079	Bao	Souto	Eliseo	2	Enxeñaría e Arquitectura	84,0017
ED481A-2024-132	Rodríguez	Buján	Iván	1	Ciencias	83,3550
ED481A-2024-144	Alvite	Bergara	Nerea	3	Ciencias	81,1392
ED481A-2024-204	Castiñeira	Lampón	Susana	2	Ciencias Sociais e Xurídicas	79,3821
ED481A-2024-228	González	Bello	Gabriel	2	Ciencias Sociais e Xurídicas	77,2962
ED481A-2024-148	Fiaño	Salinas	Carlota	2	Ciencias Sociais e Xurídicas	74,5374
ED481A-2024-109	Sánchez	Rebon	Bianca	3	Ciencias da Saúde	73,4716
ED481A-2024-217	Cernadas	Varela	Lucía	3	Artes e Humanidades	71,6636
ED481A-2024-173	Guerra	Fandiño	Verónica	2	Ciencias da Saúde	71,0969

Universidade de Santiago de Compostela.

Nº de expediente	1º apelido	2º apelido	Nome	Zona	Área de coñecemento	Puntuación final
ED481A-2024-218	Pazos	Moure	Alex	3	Ciencias	92,3955



Nº de expediente	1º apelido	2º apelido	Nome	Zona	Área de coñecemento	Puntuación final
ED481A-2024-154	Benavides	Álvarez	Tomás	3	Enxeñaría e Arquitectura	90,0867
ED481A-2024-170	Iglesias	Moure	José	2	Ciencias	89,2475
ED481A-2024-039	Suárez	Barro	Noel	2	Enxeñaría e Arquitectura	89,0401
ED481A-2024-037	Fernández	Rial	Celia	3	Ciencias	88,2159
ED481A-2024-179	Majadas	Moure	Alejandro Omar	3	Ciencias	88,1344
ED481A-2024-085	García	Crivaro	Lucía Agustina	3	Ciencias	87,7323
ED481A-2024-096	García	Fernández	Miguel	2	Ciencias	87,1250
ED481A-2024-203	González	Portela	María	3	Ciencias	86,2231
ED481A-2024-034	Pernas	Fraguela	Carlos	3	Ciencias	85,0730
ED481A-2024-121	Bordallo	León	Fernando	3	Ciencias	84,9430
ED481A-2024-152	Cora	Calvo	Víctor	3	Ciencias	84,5985
ED481A-2024-086	Mosquera	Ferreiro	Lucía	3	Ciencias	84,4542
ED481A-2024-115	Vale	Gómez	Alejandra	3	Ciencias	84,3579
ED481A-2024-119	Méndez	López	Nara	2	Artes e Humanidades	84,2758
ED481A-2024-014	Rial	Paz	Paloma	3	Ciencias da Saúde	83,9504
ED481A-2024-112	Malga	Díaz	José Manuel	3	Ciencias	83,7849
ED481A-2024-070	Vázquez	Abuín	Marta	2	Artes e Humanidades	83,5710
ED481A-2024-063	Faílde	Fiestras	Alejandro	3	Ciencias	83,4570
ED481A-2024-080	Nó	Gómez	Miguel	3	Ciencias	83,3173
ED481A-2024-123	Aramburu	González	Leyre	2	Ciencias	82,2045
ED481A-2024-133	Quintela	Vilariño	Carmen	2	Ciencias	82,0695
ED481A-2024-134	Maza	Barón	Álvaro	3	Ciencias	82,0212
ED481A-2024-059	Vível	Couso	Ainhoa	2	Enxeñaría e Arquitectura	81,7060
ED481A-2024-182	Sánchez	Martínez	Laura	3	Ciencias	81,4096
ED481A-2024-142	Vázquez	Carballo	Irene	2	Ciencias	81,2705
ED481A-2024-044	Aboal	Castro	Lucía	3	Ciencias da Saúde	80,9055
ED481A-2024-108	Aguirre	Azorín	Pablo	2	Ciencias	80,8980
ED481A-2024-174	Castelo	Mourelle	Samuel	2	Ciencias	80,7895
ED481A-2024-049	Máximo	Moreno	Irene	3	Ciencias	80,6159
ED481A-2024-073	Antelo	Riveiro	Paula	3	Ciencias	80,4027
ED481A-2024-092	Recarey	Rama	Sheila	3	Ciencias	80,3500
ED481A-2024-031	Rodríguez	Lemus	Beatriz	3	Ciencias	80,3201
ED481A-2024-045	Beceiro	Cillero	Iñaki	3	Ciencias	80,1838
ED481A-2024-180	Aguilera	Llavero	María	3	Ciencias	80,1310



Nº de expediente	1º apelido	2º apelido	Nome	Zona	Área de coñecemento	Puntuación final
ED481A-2024-023	Gayo	Pérez	Pablo	2	Ciencias Sociais e Xurídicas	80,0785
ED481A-2024-057	Ibeas	Moreno	Elena	2	Ciencias	79,9490
ED481A-2024-035	Carballo	Pacoret	Pablo	2	Ciencias	79,7254
ED481A-2024-043	Rodríguez	Pampín	Iván	2	Ciencias da Saúde	79,6663
ED481A-2024-163	Boullón	Cassau	Miguel	2	Ciencias	79,5460
ED481A-2024-165	González	Pérez	Diego	2	Ciencias da Saúde	79,5330
ED481A-2024-047	González	Santos	Alejandro	2	Enxeñaría e Arquitectura	79,4364
ED481A-2024-069	Fiel	Baña	Alejandro	3	Ciencias	79,4167
ED481A-2024-042	Iglesias	Balsa	Candela	2	Artes e Humanidades	78,5791
ED481A-2024-008	Robés	Ysart	Diego	2	Enxeñaría e Arquitectura	78,1076
ED481A-2024-050	Acuña	Lorenzo	Sergio	3	Ciencias Sociais e Xurídicas	78,0033
ED481A-2024-089	Ares	Sainz	José Luis	2	Enxeñaría e Arquitectura	77,5978
ED481A-2024-124	López	Pena	Javier	2	Ciencias Sociais e Xurídicas	77,5237
ED481A-2024-078	Cernadas	Lema	Carmen Gloria	2	Artes e Humanidades	76,7775
ED481A-2024-083	Hernández	Faria de Moraes	Stella	3	Enxeñaría e Arquitectura	76,4206
ED481A-2024-055	Avendaño	Carballo	Nicolás	2	Ciencias Sociais e Xurídicas	76,2399
ED481A-2024-030	Rodríguez	García	Nuria	3	Ciencias Sociais e Xurídicas	75,5457
ED481A-2024-046	Fernández	Ledo	Fátima	1	Ciencias Sociais e Xurídicas	74,7265
ED481A-2024-100	Rendo	González	Sofía	2	Ciencias da Saúde	74,0641
ED481A-2024-032	Real	Besteiro	Santiago	2	Artes e Humanidades	73,8842
ED481A-2024-015	Lestido	Cardama	Yago	3	Enxeñaría e Arquitectura	73,7699
ED481A-2024-113	Vacas	García	Jorge Manuel	3	Ciencias da Saúde	73,3225
ED481A-2024-155	Bohorquez	Villanueva	Natalia Rosa	2	Ciencias da Saúde	72,2873
ED481A-2024-137	Teijeiro	Teijeira	Ana	1	Ciencias da Saúde	71,6243
ED481A-2024-117	González	Rodríguez	Nerea	2	Ciencias da Saúde	71,3981
ED481A-2024-167	Pazos	Soto	Lara	2	Ciencias da Saúde	69,7761

Universidade de Vigo.

Nº de expediente	1º apelido	2º apelido	Nome	Zona	Área de coñecemento	Puntuación final
ED481A-2024-220	Baltrusch	Montero	Kai Lois	3	Ciencias	85,0959



Nº de expediente	1º apelido	2º apelido	Nome	Zona	Área de coñecemento	Puntuación final
ED481A-2024-212	García Boente	Soto	Mariana	3	Ciencias	85,0550
ED481A-2024-076	García	Quintana	Ana	2	Ciencias Sociais e Xurídicas	84,8575
ED481A-2024-224	Hervés	Pardavila	Adrián	2	Ciencias	82,0228
ED481A-2024-195	Toucedo	Rodríguez	Rocío	3	Ciencias	80,0316
ED481A-2024-230	Barciela	Álvarez	Paula	2	Ciencias	79,8060
ED481A-2024-246	Pérez	Souto	Celia	3	Ciencias	79,6730
ED481A-2024-210	Copete	Hernández	María Fernanda	3	Ciencias	79,4180
ED481A-2024-245	Magdalena	Iglesias	Álvaro	3	Ciencias	79,3113
ED481A-2024-190	Alonso	Rodríguez	Aitor	2	Ciencias Sociais e Xurídicas	78,9412
ED481A-2024-020	Iglesias	Pérez	Ana	2	Artes e Humanidades	77,8630
ED481A-2024-189	Beloborodova		Anastasia	2	Artes e Humanidades	77,7005
ED481A-2024-077	Roa	Martínez	Teresa	2	Ciencias Sociais e Xurídicas	76,1266
ED481A-2024-019	González	Feijoo	Rocío	1	Enxeñaría e Arquitectura	75,7995
ED481A-2024-081	Herrera	Alfaya	Rodrigo	3	Artes e Humanidades	75,0990
ED481A-2024-027	Miranda	Rodas	María Blanca	2	Artes e Humanidades	73,7847
ED481A-2024-022	Montenegro	Vázquez	Iván	3	Enxeñaría e Arquitectura	73,4050
ED481A-2024-208	Camanzo	Mariño	Alejandro	2	Enxeñaría e Arquitectura	73,2508
ED481A-2024-010	Sánchez	Rodríguez	Xulia	3	Artes e Humanidades	73,0788
ED481A-2024-194	Da Gama Gonçalves	Pereira	Mafalda	2	Artes e Humanidades	71,8630

Outras entidades.

Fundación Pública Galega Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela.

Nº de expediente	1º apelido	2º apelido	Nome	Zona de estadia	Rama de coñecemento	Puntuación
IN606A-2024/004	Sánchez	Cazorla	Eloísa	3	Ciencias	78,2685
IN606A-2024/010	Vázquez	Durán	José Adrián	2	Ciencias da Saúde	84,1688
IN606A-2024/011	López	Pleguezuelos	Carlos	3	Ciencias	78,0000
IN606A-2024/015	García	Martínez	María	3	Ciencias da Saúde	79,3086



Fundación Pública Galega de Investigación Biomédica INIBIC.

Nº de expediente	1º apelido	2º apelido	Nome	Zona de estadia	Rama de coñecemento	Puntuación
IN606A-2024/020	Copena	Soutelo	Ana	3	Ciencias	84,8643
IN606A-2024/022	Sánchez	Peña	Lucía	3	Ciencias	78,3770
IN606A-2024/033	Báez	Barroso	Gabriela Alejandra	3	Ciencias	78,7170

Fundación Pública Galega de Investigación Biomédica Galicia Sur.

Nº de expediente	1º apelido	2º apelido	Nome	Zona de estadia	Rama de coñecemento	Puntuación
IN606A-2024/017	Pino	González	Manuel	2	Ciencias	85,4545
IN606A-2024/027	Pérez	Rivas	Andrea	2	Ciencias da Saúde	82,2777

Instituto de Investigacións Mariñas do CSIC.

Nº de expediente	1º apelido	2º apelido	Nome	Zona de estadia	Rama de coñecemento	Puntuación
IN606A-2024/007	Millán	Fernández	Laura	2	Ciencias	79,3410
IN606A-2024/008	López	Haslett	María	3	Ciencias	81,1441
IN606A-2024/024	Papadopoulo	-	Kenn	3	Ciencias	82,2094

ANEXO II

Listas de espera

Universidades do SUG.

Nº de orde	Nº de expediente	Entidade	1º apelido	2º apelido	Nome	Área de coñecemento	Zona	Puntuación final
1	ED481A-2024-075	USC	Cuntín	Broullón	Iván	Ciencias	3	79,2431
2	ED481A-2024-141	UDC	Dafonte	Rodríguez	Pedro	Ciencias	3	79,2188
3	ED481A-2024-065	USC	Pérez	Espinazo	Sofía	Ciencias	3	78,6815
4	ED481A-2024-214	UVigo	Vidal	Capón	André	Ciencias	2	78,6210
5	ED481A-2024-213	UVigo	Paladea	Rojo	Rocío	Ciencias	3	78,4976
6	ED481A-2024-105	USC	González	Rendo	Lara	Ciencias	2	78,3130
7	ED481A-2024-135	USC	Romero	González	Adrián	Ciencias	2	78,0335
8	ED481A-2024-225	UVigo	Melón	Raña	Adrián	Ciencias	2	77,9659



Nº de orde	Nº de expediente	Entidade	1º apelido	2º apelido	Nome	Área de coñecemento	Zona	Puntuación final
9	ED481A-2024-122	USC	Hervés	Carrete	Carlos	Ciencias	3	77,7877
10	ED481A-2024-191	UVigo	Días	Lorenzo	Duarte Augusto	Ciencias	1	77,6910
11	ED481A-2024-009	USC	Duque	Villaverde	Andrés	Ciencias	3	77,4080
12	ED481A-2024-175	USC	Moares	Guedes	José Augusto	Ciencias	2	77,3322
13	ED481A-2024-197	USC	Carbajales	Martínez	Eloy	Ciencias	3	77,2637
14	ED481A-2024-126	UVigo	Barreiro	Fonta	Helena	Ciencias	1	77,0695
15	ED481A-2024-029	USC	Muñoz	Villoria	Alberto	Ciencias	3	76,9330
16	ED481A-2024-012	UVigo	Gallego	García	Laura	Ciencias	2	76,8958
17	ED481A-2024-237	UDC	Vila	García	Alejandro	Ciencias	2	76,8333
18	ED481A-2024-016	UDC	Rodríguez	Montes	Andrea	Ciencias	2	76,1203
19	ED481A-2024-102	USC	Diz	Castro	Daniel	Ciencias	3	76,0697
20	ED481A-2024-196	UVigo	Terrón	Hernández	Daniel	Ciencias	1	75,9884
21	ED481A-2024-161	USC	Rivas	Saborido	Adrián	Ciencias	3	75,9457
22	ED481A-2024-157	UDC	Ferradanes	Martínez	Ángel	Ciencias	3	75,9103
23	ED481A-2024-166	USC	Valín	Morandeira	María del Rocío	Ciencias	2	75,8407
24	ED481A-2024-002	UDC	Pérez	Ferreiro	María	Ciencias	2	75,3773
25	ED481A-2024-004	UDC	Ansín	Vallejo	Carmen	Ciencias	2	75,3065
26	ED481A-2024-151	UDC	González	Novoa	Alexandre	Ciencias	2	75,2870
27	ED481A-2024-007	UDC	Fouz	Penas	Uxía	Ciencias	2	74,8704
28	ED481A-2024-176	USC	Casanova	Adán	Lucía	Ciencias	2	74,7943
29	ED481A-2024-090	USC	López	Villasante	Pedro	Ciencias	2	73,5892
30	ED481A-2024-021	UVigo	Sánchez	Guirao	Laura	Ciencias	3	73,5535
31	ED481A-2024-104	USC	Blanco	Vales	María	Ciencias	3	73,2154
32	ED481A-2024-236	UVigo	Sánchez	Juárez	Víctor José	Ciencias Sociais e Xurídicas	2	73,1370
33	ED481A-2024-053	USC	Oreiro	Martínez	Paula	Ciencias	1	73,0554
34	ED481A-2024-017	UDC	Rey	Furelos	Martín	Enxeñaría e Arquitectura	2	72,8138
35	ED481A-2024-178	UDC	Teira	Fachado	Andrea	Ciencias Sociais e Xurídicas	3	72,6160
36	ED481A-2024-248	UVigo	Domínguez	Pavón	Jorge	Ciencias Sociais e Xurídicas	2	72,5587
37	ED481A-2024-172	UDC	Naveira	Pazos	Cecilia	Ciencias	2	72,4985
38	ED481A-2024-127	UVigo	Cruz	Cadaya	Yago	Enxeñaría e Arquitectura	3	72,4738



Nº de orde	Nº de expediente	Entidade	1º apelido	2º apelido	Nome	Área de coñecemento	Zona	Puntuación final
39	ED481A-2024-095	USC	Alcayde	Dans	Xián Lois	Ciencias Sociais e Xurídicas	2	72,3020
40	ED481A-2024-094	UDC	Ortega	Morla	Javier	Enxeñaría e Arquitectura	2	71,9710
41	ED481A-2024-071	USC	Carballo	De Jesus	Javier	Ciencias Sociais e Xurídicas	2	71,8882
42	ED481A-2024-153	USC	Pascual	Presa	Noel	Ciencias Sociais e Xurídicas	2	71,8817
43	ED481A-2024-125	UVigo	García	Ontiyuelo	Mario	Enxeñaría e Arquitectura		71,8460
44	ED481A-2024-147	USC	Leis	García	Lidia	Artes e Humanidades	2	71,5049
45	ED481A-2024-234	UVigo	Pérez	Vázquez	Ana	Ciencias	2	71,4910

Outras entidades.

Nº de orde	Expediente	Entidade	1º apelido	2º apelido	Nome	Zona estadía	Rama coñecemento	Puntuación total
1	IN606A-2024/016	Fundación Pública Galega Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela	Fernández	Ceballos	María de los Ángeles	2	Enxeñaría e Arquitectura	77,9360
2	IN606A-2024/012	Fundación Pública Galega Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela	López	Landrove	Sonia	3	Ciencias	77,8345
3	IN606A-2024/021	Fundación Pública Galega de Investigación Biomédica INIBIC	Nión	Cabeza	Paula	3	Ciencias	77,4774
4	IN606A-2024/003	Fundación Pública Galega Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela	Sánchez	López	David	2	Ciencias	77,3418
5	IN606A-2024/005	Fundación Pública Galega Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela	Conde	Piñeiro	Adrián	2	Ciencias	77,0049
6	IN606A-2024/001	Instituto de Ciencias do Patrimonio (Incipit) do CSIC	Arribas	Greciano	Vega	2	Artes e Humanidades	76,6000

